



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A
CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DE SERVIZOS DE ESTACIONAMENTO
REGULADO E CONTROLADO NA VÍA PÚBLICA MEDIANTE PARQUÍMETROS**

INDICE

TITULO I. CONDICIÓNS XERAIS DO CONTRATO

1. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E RESPONSABLE DO CONTRATO
2. OBXECTO DO CONTRATO
3. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO. DOCUMENTOS QUE TEÑEN CARÁCTER CONTRACTUAL
4. NECESIDADES PÚBLICAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO
5. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E PRAZOS PARCIAIS
6. RÉXIME ECONÓMICO DO CONTRATO
7. CANON CONCESIONAL
8. RETRIBUCIÓN DO CONCESIONARIO
9. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN
10. APTITUDE PARA CONTRATAR
11. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN DO CONTRATO QUE DEBE ABOAR O ADXUDICATARIO
12. RENUNCIA E DESESTIMENTO

TITULO II. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

13. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS
14. FORMA EN QUE DEBEN PRESENTARSE AS PROPOSICIÓNS
15. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS E DEMAIS REQUISITOS DAS MESMAS
16. CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO
17. DETERMINACIÓN DO ADXUDICATARIO EN CASO DE EMPATE



18. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS
19. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS
20. NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DE EXCLUSIÓN DE LICITADORES
21. ADXUDICACIÓN
22. GARANTÍAS ESIXIBLES
23. PÓLIZA DE SEGURO
24. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO
25. CONFIDENCIALIDADE

TITULO III. EXECUCIÓN DO CONTRATO

Sección 1ª.- DISPOSICIÓNS XERAIS

26. EXECUCIÓN DO CONTRATO
27. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN
28. PROPIEDAD DOS TRABALLOS REALIZADOS POLO CONTRATISTA

Sección 2ª.- DAS PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN E AS SÚAS OBRIGAS

29. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN
30. OBRIGAS DO CONCELLO

Sección 3ª.- DO RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO DA CONCESIÓN

31. RISCO E VENTURA DO CONCESIONARIO
32. EQUILIBRIO ECONÓMICO-FINANCIERO DA CONCESIÓN
33. PLAN ECONÓMICO FINANCIERO
34. CONTABILIDADE E AUDITORIA

Sección 3ª.- DOS DEREITOS E OBRIGAS DO CONTRATISTA

35. DEREITOS DO CONCESIONARIO
36. CONSTITUCIÓN DE SOCIEDADE PARA A XESTIÓN DA CONCESIÓN
37. OBRIGAS DO CONCESIONARIO
38. RESPONSABILIDADE POR DANOS





CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

- 39. PERSOAL DO CONTRATISTA
- 40. CUMPRIMENTO DA NORMATIVA RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Sección 4ª.- DO RÉXIME DE PENALIDADES POR INFRACCIÓNS CONTRACTUAIS

- 41. INFRACCIÓNS
- 42. PENALIDADES
- 43. PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADES
- 44. MULTAS COERCITIVAS
- 45. APLICACIÓN DAS PENALIDADES E MULTAS POR INCUMPRIMENTO

Sección 5ª.- MODIFICACIÓN, SUBCONTRATACIÓN E CESIÓN DO CONTRATO

- 46. MODIFICACIÓN DO CONTRATO
- 47. SUBCONTRATACIÓN
- 48. CESIÓN

TITULO IV. SECUESTRO E EXTINCIÓN DA CONCESIÓN

- 49. SECUESTRO DA CONCESIÓN
- 50. CAUSAS DE EXTINCIÓN
- 51. RESOLUCIÓN
- 52. CADUCIDADE DA CONCESIÓN
- 53. RESCATE DA CONCESIÓN
- 54. ACTUACIÓNS PREVIAS Á EXTINCIÓN DA CONCESIÓN POLO TRANSCURSO DO PRAZO
- 55. EFECTOS DA EXTINCIÓN. REVERSIÓN DAS OBRAS E INSTALACIÓNS



TITULO V. JURISDICCION COMPETENTE E RÉXIME DE RECURSOS

56. XURISDICCION COMPETENTE

57. RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

ANEXO I. DECLARACIÓN RESPONSABLE

ANEXO II. MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 10/11/2016 09:28

Páxina 4 de 59

Aprobado en Xunta de Goberno do 28/10/2016

Código de verificación: 2BEE4-2AACE-3BDB8-E4E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

TITULO I. CONDICIÓN XERAIS DO CONTRATO

CLÁUSULA 1ª.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E RESPONSABLE DO CONTRATO

1.- O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

- A dirección postal é Plaza de “El Rey”, 2; 36204 Vigo.
- A dirección de Internet do órgano de contratación e o seu perfil do contratante é www.vigo.org
- O nº de fax do Rexistro Xeral é 986226206.

2.- O servizo xestor do expediente é o de Seguridade e Mobilidade do Concello de Vigo.

3.- O responsable do contrato é o xefe da área de Seguridade e Mobilidade, se ben poderá ser substituído en calquera momento por acordo da Xunta de Goberno Local. Ademais das competencias que lle asigna o artigo 52 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público(en adiante TRLCSP), terá as seguintes:

- Proporen ó órgano de contratación as revisións de prezos, as modificacións contractuais e as prórrogas do contrato.
- Comprobar que o contratista achega para a execución do contrato ós medios materiais e persoais esixidos.
- Proporen ó órgano de contratación a incoación de expediente para a imposición de penalidades.
- Comprobar que o contratista está o corrente dos seus pagos cos provedores e subcontratistas que tiña contratado para a execución do contrato.
- Comprobar que o contratista cumpre coas condicións especiais de execución e as súas obrigas esenciais.
- Velará porque na execución do contrato non se dean situacións que poidan propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores ou dar lugar a declaración de relacións laborais entre a Administración e o persoal do contratista.
- Elaborar anualmente un informe sobre o funcionamento do servizo no que se fagan constar as incidencias producidas no seu desenvolvemento así como calquera outras circunstancias que estime relevantes. Deste informe se dará conta ó órgano de contratación no prazo dun mes dende a súa elaboración.



CLÁUSULA 2ª.- OBXECTO DO CONTRATO

1.- O presente contrato ten por obxecto a xestión e explotación do servizo público de estacionamento regulados de vehículos con limitación horaria na vía pública no termo municipal de Vigo. Comprende as seguintes prestacións:

- a) O subministro, instalación, conexión, control de funcionamento, conservación, mantemento e reposición das máquinas expendedoras de tickets, no número e localización ofertados.
- b) A xestión da recadación das máquinas expendedoras de tickets.
- c) A sinalización completa da Área Regulada, así como a súa conservación e reposición.
- d) O soporte aos servizos de atención ao cidadán, e a prestación mesma de dita atención.
- e) A xestión integral do estacionamento regulado e limitado, mediante persoal propio debidamente instruído e uniformado.
- f) O subministro, instalación, mantemento e conservación dos equipamentos de hardware e software necesarios para implementar un sistema de proceso de datos e comunicacións na xestión do servizo.

Ó ámbito da zona regulada é o descrito no Anexo I do prego de prescricións técnicas (en adiante PPT).

2.- A codificación que corresponde no vocabulario común de contratos públicos (CPV), regulado no Regulamento (CE) n.º 2151/2003 da Comisión, de 16 de decembro de 2003, modificado por Regulamento (CE) n.º 213/2008 da Comisión, de 28 de novembro de 2007, é a seguinte:

- 34996300-8 (Equipo de control, seguridade ou sinalización para zonas de estacionamento)
- 98351000-8 (Servizos de xestión de aparcamentos)

CLÁUSULA 3ª.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO. DOCUMENTOS QUE TEÑEN CARÁCTER CONTRACTUAL

O presente contrato, de natureza administrativa, cualifícase como de concesión de servizos (artigo 8 do TRLCSP). Se rexerá polo disposto neste prego, no que se inclúen os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán o órgano de contratación, os licitadores e, no seu momento, a empresa adxudicataria.

Ademais do presente prego terán carácter contractual os seguintes documentos:

- Ordenanza reguladora do servizo de aparcamento na vía pública mediante máquinas expendedoras de tickets, aprobada polo Pleno do Concello o 31 de xaneiro de 2011 e publicada no BOP de Pontevedra o 11 de febreiro de 2011.
- O prego de prescricións técnicas particulares.
- A oferta do adxudicatario.
- O documento no que se formalice o contrato.





CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

- O proxecto de execución que aprobe o órgano de contratación.

Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das Corporacións Locais, o contrato rexeráse, entre outras, polas seguintes normas:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, no que non se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local.
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, no que non se opoña a normativa contractual citada.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e o seu regulamento de desenvolvemento Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto.
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Supletoriamente rexeráse, no que non se opoña ás normas anteriores, polas demais normas de Dereito Administrativo e, en defecto destas últimas, será de aplicación as normas do Dereito Privado.

CLÁUSULA 4ª.- NECESIDADES PÚBLICAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO

Os municipios poden asumir competencias en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade (artigos 25.2.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 80.2.b da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e 7.b).



Co presente contrato se pretende satisfacer a necesidade pública de mellorar a mobilidade na cidade, regulando as prazas de aparcadoiro na vía pública, co obxecto de erradicar a indisciplina no aparcamento ó favorecer a rotación de vehículos nas prazas das zonas reguladas.

CLÁUSULA 5ª.- PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E PRAZOS PARCIAIS

- 1.- A concesión outorgase polo prazo de 10 anos.
- 2.- O presente contrato poderá ser obxecto de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo. As prórrogas serán obrigatorias para o contratista.
- 3.- A posta en funcionamento do servizo non poderá exceder do prazo de 3 meses, a contar dende a data de formalización do contrato en documento administrativo.

CLÁUSULA 6ª.- RÉXIME ECONÓMICO DO CONTRATO

- 1.- O concesionario asumirá o financiamento do contrato. O Concello non avaliará ningún tipo de empréstito nin participará en forma ningunha no financiamento.
- 2.- O concesionario recadará os ingresos por tarifa das máquinas expendedoras de tickets, debendo realizar unha liquidación mensual, nos dez días seguintes a finalización do mes correspondente, que será supervisada polo responsable do contrato, da cal se ingresará o 15% na Caixa do Concello.
- 3.- As tarifas que abonen os usuarios do servizo serán aprobadas polo Pleno do Concello nas correspondentes Ordenanzas Fiscais, órgano competente para a súa revisión se concorresen circunstancias que así o aconsellen.
- 4.- Os ingresos por tarifa se destinarán a cubrir os gastos de custe do servizo, o canon concesional e a contraprestación económica que percibirá o concesionario pola xestión do servizo.
- 5.- Unha vez cubertos os gastos de custe do servizo cos ingresos obtidos pola recadación das tarifas, o remanente, se o houbese, distribuirase entre o concesionario e o Concello, do seguinte xeito:
 - a) O Concello percibirá en concepto de canon o 75% do remanente obtido, ou porcentaxe maior que resulte da oferta do adxudicatario.
 - b) O concesionario percibirá o 20%, ou porcentaxe menor que resulte da súa oferta, do remanente obtido en concepto de contraprestación económica pola prestación do servizo.
 - c) O 5% restante do remanente poderá corresponderlle ó concesionario, vinculado á efectiva implantación de tecnoloxías de identificación e pago mediante tarxeta sen contacto e telefonía móbil. Esta porcentaxe repartirase do seguinte xeito:
 - Polo fomento da utilización de tecnoloxías de pago por móbil polos usuarios: se consegue que ó menos un 30% da recadación anual sexa aboada polos usuarios por estes medios, percibirá un 2,5% do remanente.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/11/2016 09:28	Páxina 8 de 59
Aprobado en Xunta de Goberno do 28/10/2016	Código de verificación: 2BEE4-2AAE3-BDB8-E4E32	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

- Polo fomento da utilización da tarxeta municipal de servizos: se consegue que ó menos un 50% da recadación anual sexa aboada polos usuarios por este medio, percibirá un 2,5% do remanente.

6.- Da recadación mensual de tarifas o concesionario ingresará na Caixa do Concello o 15% en concepto de depósito. Esta cantidade estará vinculada á efectiva consecución dos obxectivos mínimos de calidade na execución do servizo, establecidos no artigo 16 do Prego de Prescricións Técnicas. De cumprirse os mesmos, estas cantidades detraídas devolveranse ó contratista. En caso contrario, corresponderá todo o parte dos ingresos ingresados ó concello, en función do grado de cumprimento. Neste último caso, elo non obstará a que se computen tales ingresos a final de ano para calcular o canon e a retribución do contratista.

Para determinar o grado de cumprimento destes obxectivos, o responsable do Contrato deberá elaborar un informe na primeira quincena do mes seguinte á finalización de cada trimestre. A Administración remitirá este informe co resultado da avaliación ó concesionario no prazo dos dez días seguintes, e o resultado da liquidación seralle devolto contratista o primeiro do mes seguinte. En caso de que

7.- O valor estimado do contrato é de 23.405.231,94 euros. Este valor dedúcese dos ingresos previstos para a concesión durante o seu prazo de duración (24.900.149,04 euros), consignado no estudo económico financeiro da concesión, menos o canon concesional que deberá aboar o contratista ó Concello durante o prazo da concesión (1.494.917,10 euros).

8.- O prezo do contrato coincide co valor estimado do mesmo.

9.- O prezo do contrato poderase revisar unicamente con carácter anual e polo concepto de custe de persoal, segundo a fórmula recollida para o conxunto do persoal ao servizo do sector público nas respectivas leis de orzamentos xerais do Estado, sen que en ningún caso poda exceder do incremento previsto para aquel.

CLÁUSULA 7ª.- CANON CONCESIONAL

1.- O canon anual a aboar polo concesionario ó Concello establécese en base á diferenza existente entre os ingresos anuais e os custos anuais do servizo, sempre que da dita diferenza resulte un saldo positivo. O importe a aboar por este concepto será como mínimo o 75 % do remanente obtido, ou porcentaxe maior que oferte o adxudicatario na súa oferta.

2.- O canon non será obxecto de revisión durante a vixencia do contrato.

3.- O canon anual farase efectivo nun único prazo. O período de pagamento será



dentro dos 20 primeiros días do mes seguinte ó período vencido. Se o día 20 do mes correspondente, fose inhábil, estenderase o período ata o día seguinte hábil posterior.

O concesionario estará obrigado a realizar declaración-autoliquidación, segundo impreso facilitado pola Administración Municipal, durante os períodos de pagamento sinalados anteriormente.

4.- O pagamento de canon anual rexerá polo establecido para o pagamento das débedas por ingresos de dereito público en todo o non regulado por este Prego.

5.- A falla de presentación de declaración-autoliquidación ou o impago nos prazos sinalados do canon anual poderá dar lugar, ademais do contemplado no Regulamento Xeral de Recadación para as débedas non ingresadas en prazo voluntario, a sancións por importe do 50% ó 100% do importe non ingresado. Con independencia do procedemento sancionador que corresponda en canto ingreso de dereito público, considerase infracción das obrigas contractuais tipificada na cláusula 41 deste prego, polo que lle corresponderán as penalidades previstas na cláusula 42.

CLÁUSULA 8ª.- RETRIBUCIÓN DO CONCESIONARIO

1.- A retribución do concesionario establécese en base á diferenza existente entre os ingresos anuais e os custos anuais do servizo, sempre que da dita diferenza resulte un saldo positivo. O importe a percibir por este concepto será como máximo o 20 % do remanente obtido, ou porcentaxe menor que inclúa na súa oferta. Esta cantidade poderá incrementarse nun 5% máis do remanente consonte ó previsto na cláusula 6.

2.- No suposto de que os ingresos anuais fosen inferiores ós gastos de funcionamento, o contratista, en ningún caso, poderá esixir desembolso complementario ó Concello para cubrilos.

CLÁUSULA 9ª.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

1.- O contrato adxudicarase aplicando o procedemento aberto e a forma de tramitación do expediente será a ordinaria, sendo aplicable para a adxudicación a valoración a través de múltiples criterios.

2.- Este contrato está suxeito a regulación harmonizada e é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

CLÁUSULA 10ª.- APTITUDE PARA CONTRATAR

1.- Están capacitados para contratar con esta Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, acrediten a correspondente solvencia económica e técnica e non estean afectadas por ningunha das prohibicións de contratar enumeradas no artigo 60 do TRLCSP.

2.- A concorrencia destes requisitos será declarada polos licitadores, ou ben presentando unha declaración responsable consonte ó modelo incluído como Anexo I a este prego, ou presentando o Documento único europeo de contratación (DEUC). O





CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

mesmo poderá obterse e cumprimentarse na páxina da Comisión Europea <https://ec.europa.eu/growth/tools-databases/espd/filter?lang=es>.

3.- Estes requisitos deberán reunirse no momento de presentación das ofertas. A Administración poderá requirir-lles ós licitadores a acreditación destes requisitos en calquera momento do procedemento anterior á formulación da proposta de adxudicación. A falta de acreditación dos mesmos será causa de exclusión da licitación.

4.- En todo caso, o licitador situado no primeiro lugar na proposta de clasificación en orden descendente que formule a mesa de contratación deberá acreditar esta circunstancia no prazo dos dez días hábiles seguintes ó que lle sexa comunicado o acordo de clasificación adoptado polo órgano de contratación. Se acreditará, de conformidade co que dispón o artigo 146 do TRLCSP, achegando a seguinte documentación:

1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica

- Os empresarios individuais, copia do DNI.
- Os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.
- A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.
- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2º) Documentos acreditativos da representación

Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen ou quenes subscriban a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade do ou dos apoderados.



3º) Acreditación da solvencia

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase presentando:

- Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que, nos tres últimos anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior a 1.500.000 euros.

- Solvencia técnica e profesional:

Acreditarase presentando:

- Certificación de boa execución de estar realizando, ou ter realizados, nos últimos cinco anos, a prestación dos servizos obxecto deste contrato. Considerarase acreditada a solvencia si nalgún dos últimos cinco anos ten xestionado ó menos un número superior a 1.000 prazas reguladas de estacionamento.

4º) Certificados que acrediten que está ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado, Comunidade autónoma e fronte á Tesourería da Seguridade Social que imponen as disposicións vixentes.

Non será necesario achegar certificado de estar ó corrente das obrigas tributarias fronte ó Concello de Vigo, por canto será solicitado de oficio polo servizo de Contratación á Tesourería municipal.

5.- Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, de 20 de setembro (D.O.G. nº. 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, están exentos de presentar a documentación que obre nos mesmos sempre que se atope vixente. En este caso, deberá presentarse acreditación da inscrición no correspondente rexistro actualizada á data da licitación.

6.- Presentada a documentación acreditativa da capacidade do contratista a Mesa de contratación delega na Secretaría da mesma a facultade de cualificar a documentación achegada polo licitador e, no seu caso, cando esta non sexa conforme co previsto no artigo 146 do TRLCSP e no apartado 4 desta cláusula, poderá requirirle a súa subsanación, concedéndolle ó efecto un prazo de tres días hábiles e sen prexuízo da súa comprobación polos integrantes da Mesa. De todo o actuado se dará conta á Mesa con carácter previo á formulación por esta da proposta de adxudicación ó órgano de contratación.

7.- No caso de que os datos incluídos na declaración responsable non sexan veraces,





CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

con independencia da responsabilidade penal na que puidera incorrer o declarante, a Administración municipal declarará a existencia de prohibición para contratar de acordo co previsto no artigo 61 do TRLCSP, excluírá ó licitador do procedemento e lle reclamará 250 € en concepto de danos e prexuízos.

CLÁUSULA 11ª.- IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN DO CONTRATO QUE DEBE ABOAR O ADXUDICATARIO

O adxudicatario estará obrigado a satisfacer os gastos de publicidade da licitación pola inserción de anuncios nos boletíns oficiais ata un importe máximo de 2.000 €. Deberá acreditarse o aboamento dos mesmos con carácter previo ó acordo de adxudicación.

CLÁUSULA 12ª.- RENUNCIA E DESESTIMENTO

En caso de que o órgano de contratación, en calquera momento da licitación anterior á adxudicación, acorde renunciar ó contrato ou desistir do procedemento, compensarase a cada un dos licitadores polos gastos nos que incorrese. Iso no entanto, esta indemnización non superará en ningún caso a cantidade de 100 €.

TITULO II. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 13ª.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

1.- Para tomar parte na licitación será preciso que o interesado achegue a documentación distribuída en tres sobres: 1) SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL, 2) SOBRE B: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR e 3) SOBRE C: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA.

2.- Os sobres estarán pechados, e poderán ser lacrados e precintados. No seu exterior constaran como mínimo os seguintes datos:

- Indicación do sobre do que se trata: “Sobre A, documentación persoal”, “Sobre B, proposición avaliable mediante xuízo de valor” ou “Sobre C, proposición avaliable mediante fórmula”.
- Número de expediente e obxecto da licitación á que concorran.
- No caso de que se prevea a licitación por lotes se indicarán os lotes ós que presenta oferta.



- Os datos seguintes do licitador: Nome, CIF ou NIF, dirección postal, teléfono, fax, correo electrónico e no suposto de que o licitador este inscrito no rexistro de contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Facenda, o número de inscrición.
- Lugar, data e sinatura do licitador ou do seu representante.

3.- No interior de cada sobre farase constar en folia independente o índice do seu contido, enunciado numericamente. A documentación incluída en cada sobre deberá estar paxinada.

4.- A presentación das proposicións deste procedemento se poderá realizar no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Casa do Concello de Vigo, Praza de "El Rey", 2 36202 Vigo) en horario de 9 a 13,30 horas os días laborables e de 9 a 13 horas os sábados. O licitador terá dereito a obter, como acreditación da presentación, recibo no que constará o nome do licitador, a denominación do obxecto do contrato e o día e hora da presentación. Non será admitida a documentación se é recibida no Rexistro Xeral deste concello con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

5.- Así mesmo, as proposicións poderán ser presentadas por correo. Admitiranse as ofertas presentadas nas oficinas de correos ata as 23.59 horas do último día do prazo establecido para a presentación de ofertas. En tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ó Rexistro Xeral do Concello de Vigo a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, no entanto, dez días a partir da indicada data sen haberse recibido a documentación enviada por correo, esta non será admitida en ningún caso.

6.- En ningún caso poderá presentarse máis dunha oferta, aínda que se faga mediante sistemas distintos. A presentación de dúas ofertas implicará a non admisión do licitador no procedemento de referencia.

CLÁUSULA 14ª.- FORMA EN QUE DEBEN PRESENTARSE AS PROPOSICIÓNS

1.- A documentación dos sobres A e C poderá presentarse en papel ou en formato dixital.

2.- A documentación do sobre B deberá presentarse unha copia en papel e outra en formato dixital.

3.- A presentación dixital deberá reunir os seguintes requisitos:

- Axuntarse en documento non editable.
- O soporte físico que conteña os arquivos deberá estar etiquetado. A etiqueta deberá incluír o nome da empresa ou o número de rexistro da mesma no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, a mención do sobre de que se trate (A, B ou C) e o nº de expediente.





CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

- Estar firmada dixitalmente por persoa con poder de representación acreditado. Se o soporte non esta asinado dixitalmente deberá acompañarse unha declaración escrita do licitador sinalando que o contido do soporte dixital aportado se corresponde coa proposición do sobre de que se trate, e deberá ser asinado por persoa con poder de representación acreditado.
- Se o licitador adxunta documentos encriptados, deberá facilitar a clave de encriptación e o programa para abri-lo.
- Se utilizase formato distinto ó PDF, deberá facilitar o programa que permita visualizar esta documentación.

4.- Se non se facilitasen as claves de encriptación e/ou os programas citados no apartado anterior coa documentación, deberá facerse con carácter previo á data fixada para apertura do correspondente sobre. En caso contrario, o licitador non será admitido na licitación de tratarse do sobre A ou será excluído da mesma de tratarse dos sobres B ou C.

5.- O contido dos sobres será o seguinte:

A) SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL

Presentarase unha declaración responsable consonte o modelo incluído como Anexo I a este prego.

B) SOBRE B: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR

Os licitadores deberán achegar nas súas ofertas un “Proxecto de implantación e explotación do servizo”, que se axustará aos requisitos e contido mínimo establecidos no Prego de Prescricións Técnicas. Incluirá os seguintes documentos:

1. Memoria.
2. Elementos materiais e humanos adscritos ao servizo; a súa xustificación pormenorizada en uso, número, deseño e calidade; e solucións técnicas propostas.
3. Plan de implantación do proxecto.
4. Sistema de xestión centralizada da información.
5. Tarefas de xestión.
6. Proposta de sinalización horizontal e vertical.
7. Plans de mantemento e conservación de todos os equipos e instalacións, con indicación do tempo de resposta para a subsanación das posibles



- avarías nas máquinas expendedoras de tickets ou na sinalización.
- 8. Tarefas de atención e información aos usuarios.
- 9. Campañas publicitarias sobre a implantación e xestión do servizo. O seu contido e xustificación.

A **documentación** incluída neste sobre deberá cumprir os seguintes **requisitos**:

- Se presentará unha copia en papel e outra en formato dixital (formato PDF ou similar) que permita a copia do texto ó portapapeis e impresión.

A Mesa, en resolución motivada, **excluirá** da licitación as proposicións nas que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstos na cláusula 16.2 deste prego.
- A falta de presentación dos documentos esixidos.
- Que non se axuste ó disposto no prego de prescricións técnicas.

C) SOBRE C: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA

Deberán incluírse neste sobre os seguintes **documentos**:

1. Modelo de proposición incluído no Anexo II.
2. Proposta do Plan económico e financeiro.

- **PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO**

Os licitadores deberán presentar un Plan Económico Financeiro relativo ó servizo, no cal se deberán diferenciar as inversións, ingresos, gastos derivados da explotación e mantemento.

De forma xeral o Plan económico e financeiro deberá conter unha memoria explicativa dos valores adoptados para as variables fundamentais que interveñan na proposta, así como as hipóteses realizadas para a súa evolución a lo largo do período concesional ofertado.

Toda a información se aportará co máximo desglose atendendo especialmente o detalle das inversións realizadas en cada etapa do proxecto, incluíndo as propostas de fontes de financiamento e no caso de que o adxudicatario vaia a constituír unha sociedade concesionaria, se deberá de especificar o apoio financeiro de cada un dos socios. De igual maneira, se deberán indicar co máximo detalle os diferentes conceptos incluídos na conta de explotación. O licitador poderá presentar calquera outra documentación que considere que contribúe a unha mellor comprensión do proxecto.

O Plan Económico financeiro deberá fundamentarse nos seguintes aspectos:

- a) Custe da inversión total prevista co detalle das fontes de financiamento.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/11/2016 09:28	Páxina 16 de 59
Aprobado en Xunta de Goberno do 28/10/2016	Código de verificación: 2BEE4-2AAE3-BDB8-E4E32	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

- b) Estruturación dos ingresos. Xustificación dos ámbitos de ingresos derivados da proposta de xestión.
- c) Estruturación dos custes de explotación.
- d) Estruturación dos custes de amortizacións.
- e) Estrutura de gastos financeiros.
- f) Niveis de viabilidade do proxecto o longo da proposta dos anos de concesión.
- g) Proxección do balance de situación da conta de perdas e ganancias durante o período da concesión.

Toda a información se aportará co máximo nivel de detalle, garantindo a coherencia, fiabilidade e viabilidade dos datos propostos. O Estudo incluírá as previsións da evolución do servizo. En calquera caso a xustificación de viabilidade esixe que o resultado final debe ser positivo.

A Mesa, en resolución motivada, **excluírá** da licitación as proposicións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que a proposición avaliable mediante fórmula non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida.
- Se apartase substancialmente do modelo establecido.
- Comportase erro manifesto nos importes da proposición.
- Existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable.

CLÁUSULA 15ª.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS E DEMAIS REQUISITOS DAS MESMAS

1.- A documentación persoal e as proposicións técnica e económica se presentarán dentro do prazo fixado no anuncio da licitación.

2.- As proposicións dos interesados deberán axustarse ó previsto neste prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de devanditas cláusulas ou condicións, así como do anteproxecto, do prego de prescricións técnicas e da demais documentación contractual sen excepción ou reserva algunha.

3.- As proposicións serán secretas e se arbitrarán os medios que garantan tal carácter ata o momento en que deba procederse á apertura en público das mesmas.



4.- Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo da admisibilidade da presentación de melloras ou variantes. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal.

5.- A presentación de proposicións diferentes por empresas vinculadas supoñerá a exclusión do procedemento de adxudicación das ofertas formuladas. No entanto, si sobreviñera a vinculación antes de que conclúa o prazo de presentación de ofertas, poderá subsistir a oferta que determinen de común acordo as citadas empresas. Consideraranse empresas vinculadas as que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de Comercio.

6.- A infracción destas normas dará lugar á non admisión das propostas.

CLÁUSULA 16ª.- CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

1.- Criterios avaliados mediante de xuízo de valor: se valorarán con ata **40 puntos**

1.- “Proxecto de implantación e explotación do servizo”: se valorará con ata **40 puntos**

Terase en conta para valorar este criterio os seguintes aspectos:

1. **Parquímetros e proposta de sinalización horizontal e vertical:** valorarase con ata **10 puntos**
Valorarase que os parquímetros que pretendan instalar teñan as máis altas prestacións segundo as especificacións do prego técnico e do estado da tecnoloxía, contén con elementos de sensorización (temperatura, humidade, contaminación, imaxes, portos de expansión de acceso remoto e tecnoloxía inarámica de consumo eléctrico reducido con destino ós propios usuarios) e dispoñan de puntos de recarga para vehículos eléctricos e para dispositivos móbiles.
2. **Sistema de xestión centralizada da información:** valorarase con ata **10 puntos**
Valorarase o sistema de xestión centralizada da información ofertado e as súas características en función da súa fiabilidade, versatilidade, utilidade e -no seu caso- carácter innovador, os elementos do sistema de información para a xestión do servizo especificamente previstos nos apartados 2 a 6 do artigo 13 do Prego de Prescricións Técnicas: funcionalidades, integración con outros sistemas, interface cos usuarios e co servizo xestor, e Centro de Proceso de datos.
3. **Plan de implantación do servizo, xestión do período transitorio, entrada efectiva en funcionamento, e campañas publicitarias sobre a implantación e xestión do servizo:** valorarase con ata **4 puntos**
4. **A organización do persoal proposta e dotación de terminais e demais equipamento para o persoal controlador:** valorarase con ata **4 puntos**





CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

5. **Proposta detallada das tarefas de xestión do servizo:** valorarase con ata **3 puntos**
6. **Plans de mantemento e conservación de todos os equipos e instalacións, con indicación do tempo de resposta para a subsanación das posibles avarías nas máquinas expendedoras de tickets ou na sinalización:** valorarase con ata **3 puntos**
7. **Elementos estruturais do Sistema de información previsto no artigo 13, apartado 1, do PPT:** valorarase con ata **3 puntos**
Valoraranse en función da súa fiabilidade, versatilidade, utilidade e - no eu caso- carácter innovador a arquitectura dos sistemas central e periférico, a da rede de comunicacións, o CPD, e o esquema de xestión da seguridade.
8. **Sistema de xestión, identificación e pagamento mediante tarxeta cidadá do Sistema de información previsto no artigo 13 do PPT previsto:** valorarase con ata **3 puntos**
Valoraranse as características do sistema proposto, que deberán reunir os requisitos previstos no artigo 13, apartados 7 e 8 do PPT.

Para garantir, tanto a calidade das ofertas, como unha posterior adecuada prestación do servizo, resultarán excluídas as ofertas que non acaden como mínimo o sesenta por cento (60 %) da puntuación deste apartado.

2.- Criterios avaliados mediante fórmula ou índice: se valorarán con ata **60 puntos**

1.- Porcentaxe de redución do presuposto de gastos do servizo previsto no estudio económico financeiro do contrato: se valorará con ata **25 puntos**

Se valorará que os licitadores fixen un menor presuposto de gastos que o previsto no estudio económico financeiro.

2.- Porcentaxe de redución dos importes de custe praza/día previstos no económico financeiro do contrato: se valorará con ata **21 puntos**

Se valorará que os licitadores fixen un menor custe praza/día que o previsto no estudio económico financeiro.

3.- Redución da retribución do concesionario sobre a fixada na cláusula 6: se valorará con ata **10 puntos**



A cláusula 6 prevé que unha vez cubertos os gastos de custe do servizo cos ingresos obtidos pola recadación das tarifas, o remanente, se o houberse, distribuírase entre o o Concello e o concesionario, correspondéndolle a este último un máximo do 20% deste excedente. Valorárase neste criterio que o concesionario oferte unha porcentaxe de participación menor no reparto deste excedente.

4.- Adscripción de vehículos sostibles á prestación do servizo: se valorará con ata 4 puntos

CLASES DE VEHÍCULOS	TECNOLOXÍAS ADMITIDAS
Turismos e vehículos destinados ao transporte de persoas. Categoría M	Eléctrica, vehículo híbrido, híbrido enchufable, eléctrico de rango extendido, vehículos propulsados por GNC ou GNL.
Vehículos destinados al transporte de mercancías (< 3.500 kg). Categoría N1	Vehículos eléctricos, vehículos híbridos, vehículos propulsados por GNC ou GNL, ou vehículos que cumpran cos límites de emisión para NOx establecidos pola normativa comunitaria vixente na materia.
Motocicletas	Eléctrica ou de propulsión híbrida.

No seguinte cadro indícase a forma de valoración deste criterio:

TURISMOS	PUNTOS
1	0
2	0
3	0
4	1
TRANSPORTE	PUNTOS
1	2,5
2	3,5
3	3,5
4	3,5
MOTOS	PUNTOS
1	1
2	2,5
3	3,5
4	4

Con independencia do número de vehículos que se aporten, neste criterio a puntuación non superará os catro puntos.

No sobre C deberá incluírse a ficha técnica dos vehículos que se oferten.

3.- Os criterios avaliados mediante fórmula se valorarán da seguinte forma:





CONCELLO DE VIGO

CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

1º.-Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

a) Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):

O valor da baixa ofertada obtense restando ó valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: se eliminará so a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: se eliminarán as dúas primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: se eliminarán as tres primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: se eliminarán as catro primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética dos mesmos e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

b) Para valorar baixas inferiores ó Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio.

Vof: valor ofertado de baixa.

Vrb: valor referencia das baixas.

c) Para valorar baixas iguais o superiores ó Vrb aplicarase a seguinte



fórmula:

$$P = 0,80 * P_{mx} + \frac{0,20 * P_{mx} * A}{B}$$

Onde:

P_{mx}: Puntuación máxima do criterio.

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb.

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb.

2º.- Para valorar aqueles criterios nos que se valore un aumento dos valores propostos pola Administración con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia dos incrementos.

a) Calculo do valor referencia dos incrementos (Vri):

O valor do incremento ofertado obterase restando ó valor ofertado polo licitador o valor proposto pola Administración.

As ofertas ordenaranse por orden decrecente do valor do incremento. En función do número de ofertas admitidas, por cada fracción de 5 ofertas admitidas, serán descartadas para este cálculo:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: se eliminará so a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: se eliminarán as dúas primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: se eliminarán as tres primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- máis de 15 ofertas: se eliminarán as catro primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.

Entre os valores de incremento non descartados será calculada a media aritmética dos mesmos e dito valor constituirá o Valor referencia dos incrementos (Vri).

b) Para valorar incrementos inferiores ó Vri aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * P_{mx} * V_{of}}{V_{ri}}$$

Onde:

P_{mx}: puntuación máxima do criterio.





CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

Vof: valor ofertado de incremento.
Vri: valor referencia dos incrementos.

c) Para valorar incrementos iguais ou superiores ó Vri aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx + \frac{0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio.

A: diferenza entre o valor do incremento ofertado e o Vri.

B: a maior diferenza entre o valor de incremento ofertadas e o Vri.

4.- As fórmulas non serán de aplicación cando no procedemento so exista un licitador admitido. En este caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.

5.- Na aplicación das fórmulas so se terán en conta dous decimais, excepto para calcular a tarifa minuto polo uso rotatorio das prazas de aparcamento, que poderán utilizarse ata un máximo de 4 decimais.

CLÁUSULA 17ª.- DETERMINACIÓN DO ADXUDICATARIO EN CASO DE EMPATE

1.- Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor da oferta que obtivese a maior puntuación nos criterios avaliados mediante fórmula establecidos na cláusula 16.2.

2.- De persistir o empate, resolverase pola maior puntuación nos criterios da cláusula 16.1 polo seu orden de importancia en canto á maior ponderación asignada en cada un dos criterios e os seus subapartados. En caso de que se asine idéntica ponderación ós criterios, polo orden no que se relacionen na citada cláusula.

3.- Se continuase o empate se efectuará un sorteo.

CLÁUSULA 18ª.- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS

1.- A cualificación dos documentos e o exame e a valoración das proposicións correspóndelle á Mesa de contratación do Concello de Vigo, cuxa composición figura



no perfil do contratante do mesmo, que se atopa na páxina WEB www.vigo.org.

- No día e hora anunciados no perfil do contratante, a Mesa se reunirá para a apertura dos sobres A e B.
- Aberto o sobre A, a Mesa declarará admitidos inicialmente á licitación ós licitadores que tiñan presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo I, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma.
- Se a Mesa de contratación observase defectos ou omisións na declaración responsable que se inclúe no sobre A, ou do seu contido puidera deducirse que algún dos licitadores non reúne os requisitos para ser admitido como licitador no presente procedemento, lle comunicará ós interesados por correo electrónico ou fax esta circunstancia, concedéndoselles un prazo non superior a tres días hábiles para que os corrixan ou emenden. O cómputo do citado prazo se iniciará no momento no que o licitador reciba a comunicación.
- A continuación se procederá, en acto público, a apertura do **sobre B**. Este acto desenvolverase de conformidade co establecido no artigo 83 do RXLCAP.
- A Mesa procederá á valoración do sobre B. A estes efectos, poderá solicitar os informes técnicos que estime precisos. O resultado da valoración darase a coñecer no perfil do contratante con carácter previo ó acto público de apertura do sobre C.
- A apertura do **sobre C** terá lugar, en acto público, no día e hora anunciado no perfil do contratante. No mesmo, darase a coñecer o contido das proposicións económicas dos licitadores admitidos.

2.- A Mesa poderá acordar, motivadamente, propoñer ó órgano de contratación o **rexeitamento das proposicións inicialmente admitidas**, sempre e cando a documentación relativa á proposición avaliable mediante xuízo de valor e/ou proposición avaliable mediante fórmula que conteñan, contradiga as previsións dos Pregos. Desta circunstancia darase coñecemento inmediato ó licitador rexeitado por correo electrónico ou fax para os efectos oportunos.

3.- De todo o actuado deixarase constancia documental no expediente.

CLÁUSULA 19ª.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

Neste procedemento non se fixan criterios para determinar as ofertas que conteñen valores anormais ou desproporcionados, nin será de aplicación o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP.

CLÁUSULA 20ª.-NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DE EXCLUSIÓN DE LICITADORES

Cando o órgano de contratación ou a Mesa de contratación acorden, en uso das facultades que lle confire a lexislación contractual vixente, o rexeitamento de proposicións inicialmente admitidas comunicarán esta circunstancia ós licitadores a través correo electrónico ou fax.





CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

CLÁUSULA 21ª.- ADXUDICACIÓN

1.- O órgano de contratación clasificará as proposicións presentadas de acordo co disposto no artigo 151.1 do TRLCSP e requirirá ó licitador cuxa oferta estea clasificada en primeiro lugar, para que presente no prazo máximo de dez días hábiles, a documentación sinalada no artigo 151.2 do TRLCSP con excepción do certificado de estar ó corrente das obrigas tributarias fronte ó Concello de Vigo, por canto este será solicitado de oficio polo servizo de Contratación á Tesourería municipal. Así mesmo se lle esixirá a acreditación documental dos seguintes extremos:

- O pagamento dos anuncios de licitación, cuxo importe non poderá superar o límite fixado na cláusula 11ª deste prego.
- A póliza de seguros.
- Cando os licitadores concorran en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución da mesma.

2.- Esta documentación será revisada pola Mesa de contratación xunto coa prevista na cláusula 10. De resultar correcta, a Mesa formulará proposta de adxudicación ó órgano de contratación. En caso contrario, se o licitador non cumprimentase adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que retira a súa oferta, e se procederá a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

3.- O contrato deberá adxudicarse no prazo de cinco días hábiles seguintes á recepción da citada documentación.

4.- A adxudicación do contrato será notificada ós participantes na licitación.

CLÁUSULA 22ª.- GARANTÍAS ESIXIBLES

1.- O licitador que resulte adxudicatario do contrato, a fin de garantir o cumprimento das obrigacións contraídas, quedará obrigado a constituír, no prazo de dez días a partir da data da notificación da adxudicación, unha garantía definitiva (artigo 95.4 TRLCSP), polo importe do 5% do prezo do contrato.

2.- A garantía poderá constituírse en calquera das formas previstas no artigo 96.1 e 2 do TRLCSP, cos requisitos esixidos nos artigos 55 a 58 do RLCA.

No caso de que se constituía:



- En metálico ou mediante certificados de inmovilización de valores anotados públicos ou privados, haberá de depositarse na Caixa do Concello de Vigo e acreditarase acompañando o resgardo xustificativo.
- Mediante aval, se acreditará coa presentación do documento no que se formalice.
- Mediante contrato de seguro de caución, se acreditará coa presentación do certificado individual de seguro.

CLÁUSULA 23ª. PÓLIZA DE SEGURO

- 1.- O concesionario deberá ter asegurados todos os riscos derivados da execución do contrato.
- 2.- En particular, o contratista subscribirá, a lo menos, os seguintes seguros:
 - Responsabilidade civil, por un importe mínimo de 2.000.000 de euros. Cubrirá os danos e prexuízos que se causen a terceiras persoas como consecuencia da execución dos traballos e actividades obxecto do presente contrato. A cobertura por sinistro non poderá ser inferior a 1.000.000 de euros.
 - Responsabilidade civil profesional, por un importe mínimo de 1.000.000 de euros. Cubrirá as reclamacións que puidesen presentarse contra os asegurados. Neste suposto, as indemnizacións por sinistro non poderán ser inferiores a 600.000 €.
- 3.- O concesionario deberá xustificar documentalmente en cada exercicio o pago das correspondentes primas de seguros.
- 4.- Calquera modificación nas pólizas, deberá ser comunicada previamente ó órgano de contratación. Así mesmo o concesionario comunicará de forma inmediata todo sinistro ou incidencia en relación ás coberturas dos seguros ó Concello de Vigo.

CLÁUSULA 24ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

- 1.- A formalización efectuarase en documento administrativo ou ben en escritura pública, a solicitude do adxudicatario, sendo do seu cargo os correspondentes gastos, conforme ó artigo 156 do TRLCSP
- 2.- .A formalización do contrato terá lugar dentro do prazo de quince días hábiles, contados desde o seguinte a aquel no que reciba o correspondente requirimento, o que se producirá unha vez transcorridos quince días hábiles seguintes á recepción da notificación da adxudicación polos licitadores, sen haberse interposto recurso especial en materia de contratación.
- 3.- Con carácter previo á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar copia das pólizas de seguro previstas na cláusula 23ª.
- 4.- Cando os licitadores concorran en Unión Temporal de Empresas, será requisito imprescindible que con carácter previo á formalización do contrato acheguen a escritura de constitución da mesma.





CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

CLÁUSULA 25ª.- DEBER DE CONFIDENCIALIDADE

1.- Sen prexuízo das disposicións do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse ós licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ó formular as ofertas, en especial con respecto ós segredos técnicos ou comerciais e ós aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

2.- De igual modo, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

TITULO III. EXECUCIÓN DO CONTRATO

Sección 1ª.- DISPOSICIÓNS XERAIS

CLÁUSULA 26ª.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

1.- O contrato executarase con subxección ó previsto no seu clausurado, neste prego, no prego de prescricións técnicas e na oferta do contratista, de acordo coas instrucións que para a súa interpretación formule, no seu caso, o órgano de contratación ó contratista.

2.- A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista.

3.- O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións realizadas, así como das consecuencias que lle sexan atribuíbles e que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros ou, en xeral, da incorrecta execución do contrato.

CLÁUSULA 27ª.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN



1.-Se considerará condición especial de execución a obriga do contratista de estar o corrente dos pagos cos seus subcontratistas e subministradores no ámbito deste contrato. O obxecto de poder comprobar o seu cumprimento o contratista remitirá mensualmente ó responsable do contrato os seguintes documentos:

- Relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores cos que formalizase relación contractual.
- Declaración responsable de estar o corrente de pago nos prazos acordados cos subcontratistas ou subministradores respecto dos traballos executados no ámbito da factura presentada.

A administración se reserva o dereito de requirirle documentación probatoria destes pagos sempre que o estime oportuno.

2.- Se establece como condición especial de execución a inserción sociolaboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social por estar desempregadas en circunstancias que determinen unha especial dificultade para acceder ó emprego. A empresa adxudicataria ten a obriga de incorporar para a execución da prestación obxecto do contrato, polo menos un 20 por cento de persoas nas que concorran as citadas circunstancias. A porcentaxe de inserción computarase en relación co número total de horas que vaian destinarse á execución do contrato polos traballadores, tanto pola empresa contratista adxudicataria como, no seu caso, polos subcontratistas. Subsidiariamente a empresa adxudicataria poderá acreditar o seu cumprimento mediante o compromiso de subcontratación cunha Empresa de Inserción ou un Centro Especial de Emprego, por idéntica porcentaxe respecto ao orzamento de adxudicación do contrato.

Consideraranse en especial dificultade para acceder ó emprego as seguintes persoas:

- a) As persoas perceptoras de renda de inclusión social, ou prestación de igual natureza. A condición de beneficiario das mesmas acreditarase por certificado dos servizos sociais correspondentes.
- b) As persoas con discapacidade, con minusvalía recoñecida igual ou superior ao 33%. Acreditarase con certificado expedir polo organismo oficial competente.
- c) As persoas desempregadas de longa duración inscritas como demandantes de emprego durante polo menos 12 meses e de forma continuada. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- d) As persoas maiores de 50 anos inscritas como paradas polo menos durante 3 meses continuados e, en particular, aquelas que non haxan cotizado o período esixido para xerar dereito á pensión de xubilación. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- e) As mulleres maiores de 30 anos que accedan por primeira vez ao emprego. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- f) Os xoves de entre 18 e 30 anos de idade inscritos como parados durante un mínimo de 6 meses de forma continuada. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- g) Os proxenitores de familias monoparentais inscritos como parados un mínimo de 3 meses de forma continuada e con descendentes ó seu cargo sen actividade retribuída. Acreditarase co libro de familia, declaración xurada, así como certificado do correspondente do servizo público de emprego.
- h) As persoas pertencentes a familias numerosas inscritos como parados un mínimo de 3 meses de forma continuada con máis de tres membros dependentes. Acreditarase co libro de familia, declaración xurada, así como certificado do correspondente servizo público de emprego ou social.





CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

A empresa adxudicataria comunicará os datos relativos ás persoas seleccionadas, e presentará os contratos de traballo e a copia do alta na Seguridade Social no prazo dun mes desde que se realicen as contratacións do persoal establecidas na presente condición de execución.

Si existise o deber de subrogar ó persoal ou outras circunstancias no momento de iniciarse a execución do contrato que impedisen cumprir coa porcentaxe sinalada, a empresa deberá contratar este perfil de persoas en todas as novas contratacións, baixas e substitucións que precise ou se produzan ata alcanzar devandita porcentaxe. Mentres dure a prestación do contrato, a empresa adxudicataria deberá presentar os TC1 e TC2 e o libro de matrícula da empresa con carácter mensual, para que o responsable do contrato poida comprobar o efectivo cumprimento desta condición.

CLÁUSULA 28ª.- PROPIEDAD DOS TRABALLOS REALIZADOS POLO CONTRATISTA

1.- Calquera documentación elaborada polo adxudicatario en execución do contrato será propiedade do Concello de Vigo, correspondéndolle os dereitos de explotación. Non poderá ser reproducida total ou parcialmente sen previa e expresa autorización do órgano de contratación.

2.- Igualmente, os traballos que desenvolva o contratista durante a execución do contrato, que constitúan obxecto de propiedade intelectual, entenderanse expresamente cedidos en exclusiva ó Concello de Vigo, salvo no caso de dereitos preexistentes, nos que a cesión pode non ser con carácter de exclusividade.

Sección 2ª.- DAS PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN E AS SÚAS OBRIGAS

CLÁUSULA 29ª.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

1.- O Concello de Vigo, nos termos establecidos no TRLCSP, na lexislación vixente e no presente prego, ostentará as seguintes prerrogativas:

- Interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- Modificar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas nos termos definidos no artigo 282 do TRLCSP.
- Acordar a resolución do contrato nos casos e nas condicións que se establecen no presente prego e no TRLCSP.



- d) Vixiar e controlar o cumprimento das obrigas do concesionario, a cuxo efecto poderá inspeccionar o servizo, as instalacións e locais, así como a documentación relacionada co obxecto da concesión.
- e) Asumir a xestión e explotación total ou parcial do servizo público nos supostos no que se produza o secuestro da concesión.
- f) O rescate da concesión antes do seu vencemento, por circunstancias sobrevidas de interese público ou por esixencias do planeamento vixente.
- g) Impoñer ó concesionario penalidades por razón dos incumprimentos en que incorra, nos casos e nas condicións que se establecen no presente prego e na lexislación vixente.
- h) Esixir ó concesionario, no prazo que se fixe no escrito de requirimento, a adopción de medidas, ou a realización de obras e reparacións, que resulten necesarias para a correcta prestación do servizo.
- i) Exercer as funcións de policía no uso e explotación do servizo público.
- j) Acordar a supresión do servizo por razóns de interese público.
- k) Calquera outras prerrogativas recoñecidas na lexislación vixente.

Dentro dos límites sinalados neste prego, e con respecto ás atribucións conferidas a outros suxeitos que actúen como auxiliares do órgano de contratación, ditas facultades exerceranse polo responsable do contrato.

CLÁUSULA 30ª.- OBRIGAS DO CONCELLO

Serán obrigas do Concello, ademais das que se deriven doutras cláusulas deste prego ou do ppt:

- a) Aboar os gastos de enerxía eléctrica xerados polos parquímetros.
- b) Cesión ó concesionario das bases de datos de residentes e actualización das mesmas.
- c) Outorgar á empresa adxudicataria a protección adecuada para que poida prestar o servizo debidamente.
- d) Por medio da Policía Local proceder á formulación das denuncias por calquera tipo de infracción que se cometan nas zonas comprendidas dentro do ámbito do servizo.
- e) Poñer a disposición do contratista as zonas dos viales públicos destinadas á prestación do servizo.

Sección 3ª.- DO RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO DA CONCESIÓN



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/11/2016 09:28	Páxina 30 de 59
Aprobado en Xunta de Goberno do 28/10/2016	Código de verificación: 2BEE4-2AAE-3BDB8-E4E32	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

CLÁUSULA 31ª.- RISCO E VENTURA DO CONCESIONARIO

1. O concesionario asume os riscos e as responsabilidades que se deriven da execución explotación do servizo público obxecto de concesión así como dos elementos comprendidos no contrato, nos termos descritos na lexislación de contratos e no presente prego.

2.- O contrato desenvólvese a risco e ventura do concesionario.

En particular, o concesionario asume:

- O risco e ventura da evolución das condicións financeiras do mercado ó longo do prazo concesional.
- O risco e ventura de demanda de uso, sen que poida reclamarse do Concello de Vigo ningunha compensación polo feito de que a evolución real da mesma difira do previsto na súa proposición. O Concello non outorga ningunha garantía en relación co contido das previsións de demanda do servizo incluídas no estudo económico financeiro e de previsión de ingresos do servizo.

3.- Así mesmo, o Concello non garante fronte a terceiros as obrigas e responsabilidades do concesionario.

CLÁUSULA 32ª.- EQUILIBRIO ECONÓMICO-FINANCIERO DA CONCESIÓN

1.- No suposto de que o Concello de Vigo, por razóns de interese público, modifícase as características do servizo público e estas modificacións afecten ó réxime económico-financeiro do contrato, a Administración Municipal deberá compensar ó contratista ó obxecto de manter o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados básicos na adxudicación.

2.- Non dará lugar a indemnización os acordos da Administración Municipal respecto do desenvolvemento do servizo que carezan de transcendencia económica.

3.- En ningún caso dará lugar á revisión de tarifas ou á percepción de subvencións os aumentos salariais pactados en Convenios de Empresa.

CLÁUSULA 33ª.- PLAN ECONÓMICO- FINANCIERO

1.- O concesionario presentará coa súa oferta o Plan Económico-Financeiro da concesión cos instrumentos de financiamento de que disporá durante o período da mesma.



2.- O Concesionario debe presentar un Plan Económico Financeiro revisado, nos casos seguintes:

- a) En caso de que o financiamento se formalice en termos economicamente máis vantaxosos para o Concesionario que os tidos en conta para a Proposición.
- b) No caso de que o investimento real do Concesionario no financiamento dos elementos necesarios para a prestación do servizo resulte, por causas debidamente xustificadas, inferior ó investimento máximo previsto na súa Proposta.

3.- A revisión realizarase polo Concesionario e comprenderá unicamente a actualización dos datos indicados nos apartados precedentes e os seus efectos en viabilidade e rendibilidade da Concesión, deixando inalterados os demais termos tidos en conta no plan. Deberá ser aprobada polo órgano de contratación e producirá efectos dende a data na que se produciran os feitos que dean causa á revisión.

4.- O prazo para a implantación do Plan Económico-Financeiro será o previsto no mesmo. A estes efectos, considerarase implantado na data na cal a totalidade dos contratos relevantes, previstos no mesmo, fosen asinados polas partes contratantes. No caso de financiamento mediante fondo de titulación, a data de implantación do Plan será a data na que se produza a verificación do mesmo por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sempre que fosen asinados a escritura de constitución do fondo e o resto de contratos relevantes previstos nel.

5.- O concesionario será o único responsable da posta en práctica do Plan-Financeiro aprobado, debendo executalo nos termos aprobados e asumindo integramente o resultado real da súa execución.

CLÁUSULA 34ª.- CONTABILIDADE E AUDITORIA

1.- O concesionario do servizo público rexerase polos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados. Considéranse principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados os establecidos en:

- Código de Comercio e o resto da lexislación mercantil.
- Plan Xeral de Contabilidade
- Resto da lexislación que sexa especificamente aplicable.

2.- Calquera cambio na normativa vixente consecuencia da aplicación de normas internacionais de contabilidade entenderase en todo caso que non afecta ó equilibrio económico financeiro da concesión.

3.- O concesionario poderá disfrutar durante o período concesional da facultade de amortizar os elementos do activo perecedeiros ou suxeitos a reversión, segundo o plan previsto na oferta adxudicataria axustándose ás normas contables que lle sexan de aplicación.

4.-A concesionaria estará obrigada á realización das seguintes auditorías:

- Auditorías financeiras ó peche do seu exercicio social
- Con carácter obrigatorio cada dous exercicios, a partir do inicio da explotación





CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

da concesión, estará obrigada a presentar ó Concello, unha auditoría operativa do funcionamento do servizo xestionado, na cal se avalfe o cumprimento das obrigas asumidas en relación co obxecto do contrato.

5.- O responsable do contrato velará polo cumprimento do disposto no apartado anterior. Á estes efectos farase unha valoración do resultado das auditorías e daráselle conta da mesma á Xunta de Goberno Local. Dito informe deberá constar dunha conclusión sobre o desenvolvemento do contrato e a súa estabilidade analizando si existisen variacións entre a explotación real e a prevista. De dito informe se dará conta á área económica do Concello ós efectos oportunos.

6.- O custo destas auditorías será integramente asumido polo adxudicatario, quen poderá seleccionar libremente o auditor de entre sinaturas de recoñecido prestixio. Os informes das auditorías financeiras e operativas deberán ser entregados antes do día 30 de xuño do ano seguinte a aquel exercicio ou período ó que corresponda, sendo o primeiro exercicio obrigatorio o seguinte a aquel no que se inicie a explotación do servizo.

Sección 4ª.- DOS DEREITOS E OBRIGAS DO CONTRATISTA

CLÁUSULA 35ª.- DEREITOS DO CONCESIONARIO

Sen prexuízo do dereito de inspección e vixilancia do servizo público que lle corresponde ó Concello, o concesionario ostentará os seguintes dereitos:

- Utilizar as zonas das vías públicas necesarias para a prestación do servizo.
- Percibir dos usuarios do servizo público as tarifas aprobadas.
- Mantemento do equilibrio financeiro da concesión na forma prevista no presente Prego e demais documentos que rexen a concesión, conforme co previsto no artigo 282 do TRLCSP.
- Transmitir a concesión a terceiras persoas cumprindo as condicións previstas na cláusula 48ª.
- Obter protección xurídica por parte do Concello a fin de que sexa respectado fronte a todos na súa condición de concesionario, facendo prevalecer o Concello a súa autoridade cando fose necesario, co fin de impedir ou facer cesar calquera perturbación do normal desempeño do servizo.
- Calquera outros que se deriven do presente prego e os recoñecidos



expresamente polo TRLCSP.

CLÁUSULA 36ª.- Sen contido

CLÁUSULA 37ª.- OBRIGAS DO CONCESIONARIO

Serán obrigas do concesionario, ademais das que se deriven doutras cláusulas deste prego ou do ppt:

a) En relación coa prestación dos servizos:

- a. Xestionar o servizo obxecto de concesión, asumindo o risco económico da explotación.
- b. Aboar o canon concesional ó Concello no prazo fixado.
- c. Obter os permisos e autorizacións necesarias para a posta en marcha e o funcionamento do servizo.
- d. Prestar o servizo coa continuidade convida e garantir ós particulares o dereito a utilizalo, nas condicións establecidas e mediante o abono das tarifas aprobadas.
- e. Realizar pola súa conta a totalidade das obras precisas para a implantación do sistema de estacionamentos, e a compra, instalación na vía pública e posta en servizo de máquinas expendedoras de tickets conforme ás características recollidas no ppt e na súa oferta.
- f. A instalación e mantemento da sinalización horizontal e vertical, de conformidade co disposto no ppt.
- g. A dispoñibilidade de locais, vehículos, ferramentas e material para a prestación do servizo, conforme ás prescricións do ppt.
- h. A comunicación á Policía Local de calquera transgresión da normativa de tráfico que observen os vixiantes no ámbito do servizo, e que precise da súa intervención.
- i. A comunicación ó responsable do contrato do listado de reincidentes no incumprimento sistemático da Ordenanza que regula o servizo.
- j. Admitir como usuario do servizo a toda persoa que cumpra cos requisitos esixidos na normativa de aplicación.
- k. As operacións de recadación das tarifas.
- l. Exercer por si a concesión e non cedela ou traspasala a terceiros sen a anuencia do Concello, que só poderá autorizala nas circunstancias que sinala a lexislación vixente.
- m. Deberá contar co persoal suficiente e cualificado para a prestación do servizo. Dito persoal dependerá de maneira exclusiva da empresa adxudicataria. O adxudicatario comprométese a retribuír adecuadamente ó seu persoal e queda obrigado, respecto ó mesmo, ó cumprimento da normativa laboral, da





CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral que se atope vixente en cada momento. Este persoal deberá dispor de algún elemento distintivo que acredite a súa relación coa empresa contratista e permita ós usuarios identificalo.

- n. Facilitar ó Concello de Vigo toda a información requirida e permitir a inspección dos elementos e instalacións ó persoal autorizado polo mesmo.
- o. Satisfacer as contribucións, licencias e calquera tributo que graven o exercicio da actividade.
- p. Estar o corrente dos pagos cos seus subcontratistas e subministradores. Esta obriga se considerará condición especial de execución. Ó obxecto de poder comprobar o seu cumprimento o contratista remitirá mensualmente ó responsable do contrato os seguintes documentos:
 - Relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores cos que formalizase relación contractual.
 - Declaración responsable de estar o corrente de pago nos prazos acordados cos subcontratistas ou subministradores respecto dos traballos executados no ámbito da certificación presentada.

A administración se reserva o dereito de requirirlle documentación probatoria destes pagos sempre que o estime oportuno.

- q. Non allear bens afectos á concesión que houberan de reverter ó Concello, nin gravalos, salvo autorización expresa do mesmo.
- r. Deixar ó termo da concesión libres e baleiros a disposición do Concello, dentro do prazo establecido, a vía pública e os bens afectos á concesión que houberen de reverter ó mesmo.
- s. Facilitar ó responsable do contrato toda a información que lle solicite para o cumprimento das obrigas de información recollidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

b) Sobre o seguimento do plan económico e financeiro da explotación:

- a. Deberá levar uns adecuados controis de carácter financeiro e operativo na concesión, para o cal deberá dispor dun sistema informático de control de todo o inmovilizado adscrito á concesión, perfectamente individualizado e valorado.
- b. Presentar anualmente ó órgano de contratación unha Memoria onde consten como mínimo os seguintes datos: Balance da empresa, detalle de ingresos e



gastos, datos relativos ó número de usuarios das instalacións.

- c. Desenvolver e presentar ante o Concello de Vigo os resultados dos procesos de auditorías recollidas na cláusula 34ª do presente prego.

c) Subrogación do persoal que actualmente presta o servizo se procedese conforme á lexislación laboral

En cumprimento da obriga recollida no artigo 120 do TRLCSP, por se procedese, conforme a lexislación laboral, a subrogación de algún dos traballadores que actualmente prestan o servizo, se inclúe como Anexo III á este prego, a información facilitada pola empresa contratista sobre os aspectos necesarios para a avaliación dos custes laborais que implique, no seu caso, a subrogación de persoal.

CLÁUSULA 38ª.- RESPONSABILIDADE POR DANOS

O contratista será responsable dos danos ocasionados á Administración ou a terceiros derivados da xestión da concesión. En consecuencia, deberá ter asegurados todos os riscos derivados da execución do contrato contratando a estes efectos os seguros descritos na cláusula 23ª deste prego.

CLÁUSULA 39ª.- PERSOAL DO CONTRATISTA

1.- A empresa contratista disporá en todo momento do persoal preciso e adecuado para a execución dos servizos ó seu cargo en virtude do presente contrato, nos termos contractuais e os legalmente establecidos, e coa máxima calidade e eficiencia.

2.- O persoal asignado ó contrato dependerá exclusivamente da empresa adxudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa calidade de empregador respecto do mesmo, sendo a Administración contratante allea a ditas relacións laborais. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún por dito persoal en relación coa Administración contratante, nin esixirse a esta responsabilidades de ningunha clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despidos ou medidas que o empresario adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

3.- O adxudicatario comprométese a retribuír adecuadamente ó persoal destinado ó servizo con cargo ó prezo da adxudicación do contrato, asumindo de forma directa e non trasladable a Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de Convenios Colectivos, pactos ou acordo de calquera índole; de modo que, en ningún caso, afectarán ó equilibrio económico-financeiro da concesión.

4.- O adxudicatario queda obrigado, respecto ó seu persoal destinado ó servizo, ó cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral que se atope vixente en cada momento.

5.- En caso de accidente ou prexuízo de calquera índole, ocorrido ós traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o adxudicatario cumprirá o disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen en modo





CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

ningún á Administración contratante.

6.- No seu caso, será obriga do adxudicatario uniformar e identificar convenientemente a todo o persoal durante o tempo que desenvolva o servizo, seguindo as directrices que ó respecto lle dite o Órgano de contratación. Este persoal deberá dispor de algún elemento distintivo que acredite a súa relación coa empresa contratista.

7.- Unha vez adxudicado o contrato, e en todo caso previamente ó inicio da súa execución, o contratista comunicará ó Concello de Vigo a relación de persoal que adscriba ó servizo, con indicación do nome, categoría, antigüidade e demais datos necesarios. Igualmente comunicará calquera variación que poida producirse durante a execución do mesmo.

8.- O contratista estará obrigado a presentar mensualmente ó servizo xestor do expediente os documentos acreditativos de ter satisfeito as cotas á seguridade social do persoal adscrito á prestación do servizo, e en todo caso cando o solicite a administración.

9.- O persoal asignado polo adxudicatario para a realización das prestacións obxecto do contrato deberá cumprir a normativa relativa á protección de datos de carácter persoal.

10.- O contratista designará un representante que será o único interlocutor entre a empresa e o Concello e velará pola correcta execución das prestacións obxecto do contrato. Salvo casos excepcionais debidamente xustificados o responsable municipal do contrato unicamente manterá relación por razón da execución do mesmo co responsable designado pola empresa, sen prexuízo da debida relación de cordialidade e colaboración co resto do persoal do adxudicatario no desenvolvemento do seu traballo.

11.- Á extinción do contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do mesmo como persoal do Concello de Vigo.

CLÁUSULA 40ª.- CUMPRIMENTO DA NORMATIVA RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1.- O adxudicatario e o seu persoal están obrigados a gardar segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal dos que poida ter coñecemento por razón da prestación do contrato, obrigación que subsistirá aínda logo da finalización do mesmo, de conformidade co artigo 10 da Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, de 13 de decembro de 1999.



2.- O adxudicatario deberá informar ó seu persoal das obrigacións que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo a empresa das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados puidécese incurrir.

Sección 5ª.- DO RÉXIME DE PENALIDADES POR INFRACCIÓNS CONTRACTUAIS

CLÁUSULA 41ª.- INFRACCIÓNS

1.- Considerarase infracción calquera acción ou omisión por parte do concesionario que supoña a vulneración das obrigacións establecidas no presente Prego, e nas demais normas de xeral aplicación.

2.- As infraccións poderán orixinarse por demora na execución do contrato ou por cumprimento defectuoso.

3. As infraccións por demora implican o incumprimento do prazo parcial de inicio da execución do servizo fixado na cláusula 5 deste prego.

4. As infraccións por cumprimento defectuoso clasifícanse en leves, graves ou moi graves, atendendo ás circunstancias concorrentes e ó maior ou menor prexuízo que se cause á administración ou os usuarios.

5. Infraccións por cumprimento defectuoso

5.1 Constitúen **infraccións leves**:

- A interrupción do servizo sen causa que o xustifique, durante menos de tres horas consecutivas.
- A omisión de datos ou a demora inxustificada na súa entrega, cando lle sexan solicitados polo Concello.
- O descoido ou mera negligencia no cumprimento das obrigas concesionais que non comporten perdas apreciables ás persoas, ou o patrimonio municipal.
- A desobediencia do concesionario ós requirimentos dos técnicos municipais, sempre que o obxecto dos mesmos non constitúa falta grave ou moi grave.
- A falta de limpeza ou ornato das máquinas expendedoras de tickets.
- As infraccións leves de normas laborais, tributarias ou administrativas.
- O incumprimento das demais obrigas concesionais non tipificadas como graves ou moi graves.

5.2. Constitúen **infraccións graves**:

- Producir danos a terceiros como consecuencia do mal funcionamento do servizo.
- Non atender as ordes do responsable do contrato, sempre que non constitúa





CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

unha grave perturbación para o servizo.

- c) O trato descortés ou desconsiderado do persoal cos usuarios do servizo ou con terceiros.
- d) Non respectar o persoal o compromiso de non realizar actividades privadas incompatibles co obxecto do contrato.
- e) Non poñer en inmediato coñecemento do Concello cantas incidencias graves teñan acontecido no servizo.
- f) O defectuoso mantemento do sistema de información cando impida o normal seguimento da execución do contrato.
- g) A modificación das condicións de prestación do servizo comprometidas na oferta.
- h) Calquera conduta constitutiva de delito ou falta ou infracción administrativa cometida con ocasión da prestación do servizo ou da execución do contrato, cando non constituía infracción moi grave.
- i) Allear bens afectos á concesión que houberan de reverter ó Concello, ou gravalos sen autorización expresa do mesmo.
- j) A ocultación, omisión, deformación ou negación de datos e informes, por parte do Concesionario, que se soliciten dentro das tarefas de inspección e vixilancia do Concello respecto do funcionamento da concesión.
- k) A reclamación ou percepción de calquera tipo de retribución dos usuarios distintas das autorizadas.
- l) Calquera actuación que dificulte gravemente o control ou a inspección municipal dos traballos contratados ou a falta de presentación da documentación relativa ó funcionamento do servizo ou a necesaria para o cumprimento das obrigas de información recollidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- m) Os actos ou omisións que podan ser motivo de perigo para a saúde pública así como a tardanza ou neglixencia en corrixir defectos ou situacións que determine perigo para as persoas ou cosas.
- n) Non permitir a utilización do servizo por calquera persoa que cumpra os requirimentos dispostos.
- o) O impago ou retraso no aboamento do canon concesional, nun prazo superior a 2 meses a data limite fixada para o mesmo.



- p) O non facilitar o responsable do contrato a documentación acreditativa do pago ós seus contratistas e subministradores.
- q) O incumprimento das condicións especiais de execución.
- r) A comisión de tres ou máis infraccións, tipificadas como faltas leves no presente prego, nun período dun ano, sobre as que tivese recaído resolución firme en vía administrativa.

5.3. Constitúen infraccións moi graves:

- a) A reiteración durante tres trimestres, consecutivos ou catro nun período de dous anos, dun cumprimento de nivel de servizo por debaixo do nivel mínimo que se estableza nos indicadores dando lugar ao desconto do 15 por cento dos ingresos do trimestre.
- b) Deixar de prestar, total o parcialmente o servizo máis de tres horas seguidas, salvo causa de forza maior apreciada pola Administración municipal ou paro laboral desenvolvido en forma legal, ou o incumprimento dos servizos mínimos neste último suposto.
- c) Desatender as ordes do responsable do contrato perturbando gravemente o servizo.
- d) O cobro tarifas superiores ás aprobadas pola Administración municipal.
- e) O incumprimento da obriga do contratista de estar o corrente dos pagos cos seus subcontratistas e subministradores.
- f) Alteración das tarifas aprobadas pola Administración municipal.
- g) A desobediencia reiterada ás ordes da Administración municipal ou a obstaculización da inspección e fiscalización do persoal municipal.
- h) Ceder total ou parcialmente a concesión, subarrendala, traspasala, hipotecala ou pignoral sen autorización expresa da Administración municipal ou contravindo as indicacións de este.
- i) O incumprimento moi grave da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades do Concello de Vigo.
- j) A falla de pagamento do canon anual durante dúas anualidades consecutivas.
- k) O defectuoso funcionamento do sistema de información e comunicacións con interrupción do servizo.
- l) A adopción ou execución de modificacións do contrato, incluídas as subxectivas, sen a previa comunicación e aprobación do órgano de contratación.
- m) A acumulación de tres faltas graves no transcurso dun ano, sobre as que tivese recaído resolución firme en vía administrativa.

CLÁUSULA 42ª.- PENALIDADES



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/11/2016 09:28	Páxina 40 de 59
Aprobado en Xunta de Goberno do 28/10/2016	Código de verificación: 2BEE4-2AAE-3BDB8-E4E32	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

1. Pola comisión de infraccións previstas no presente prego, previa instrución do correspondente expediente, se imporán penalidades de acordo coa seguinte escala:

- a) Pola comisión de infracción leve: multa de ate 1.500,00 euros.
- b) Pola comisión de infracción grave: multa entre 1.501,00 € ate 6.000,00 €.
- c) Pola comisión de infracción moi grave: multa entre 6.001,00 € ate 12.000,00 euros ou declaración de caducidade ou de extinción da concesión administrativa nos casos previstos neste prego.

2. O importe das contías das penalidades referidas na presente cláusula entenderanse automaticamente revisadas e experimentará as mesmas variacións que o canon.

3. Por demora se imporán as seguintes penalidades:

- a) De un a dous días de demora no inicio da execución do contrato: 8.000 €/día.
- b) De tres a seis días de demora no inicio da execución do contrato: 12.000 €/día.
- c) Máis de seis días de demora no inicio da execución do contrato: 15.000 €/día.

4. A imposición de calquera das penalidades previstas nos apartados anteriores será compatible coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario, así como coa indemnización dos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondente á súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.

5. As penalidades a aplicar fixaranse atendendo os seguintes criterios de gradación:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.
- c) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas no presente prego, cando así fose declarado por resolución firme.
- d) O proceder voluntariamente, antes de que recaia resolución que poña fin ó procedemento sancionador, ó cumprimento da obriga ou deber infrinxido e reparación do dano causado.

CLÁUSULA 43ª.- PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADES

O incumprimento das normas establecidas no presente prego, orixinará a incoación do correspondente expediente.



I. Órgano competente

As penalidades por infraccións, calquera que sexa a súa gravidade, imporanse pola Xunta de Goberno Local.

II. Procedemento

As penalidades ou multas coercitivas impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato tras a instrución do correspondente expediente contradictorio, previa audiencia do contratista, por un prazo de quince días, acordo que será inmediatamente executivo.

No suposto de incumprimentos previstos na TRLCSP, que poidan dar orixe á resolución do contrato, a tramitación do correspondente expediente axustarase ó disposto no artigo 225 do TRLCSP.

III. Prescripción

1. As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves os dous anos, e as leves ós seis meses.
2. As penalidades impostas por faltas moi graves prescribiran os tres anos, as graves prescribirán ós dous anos, e as impostas por faltas leves ó ano.
3. O prazo de prescripción das infraccións comezará a contarse dende o día no que se cometeu a infracción. Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescripción se o expediente sancionador se paralizase máis dun mes por causa non imputable ó presunto responsable.
4. O prazo de prescripción das penalidades comezará a contarse dende o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, voltando a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputábel ó infractor.

IV.-Pagamento das penalidades

O importe das penalidades será aboado polo concesionario na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o importe da mesma, esixirase o pagamento por vía de constrinximento administrativo.

V.- Recursos

Contra o acordo impoñendo penalidades cabe a interposición de recurso administrativo ou xurisdiccional.





CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

CLÁUSULA 44ª.- MULTAS COERCITIVAS

1.- Con independencia do réxime de penalidades, a Administración poderá impoñer ó concesionario multas coercitivas cando persista no incumprimento das súas obrigas.

2.- En caso de reiteración dos incumprimentos previstos na cláusula precedente, a Administración poderá impoñer ó concesionario as seguintes multas coercitivas:

- a) No caso de incumprimentos leves, multa de 1 a 50 € por día que persista o incumprimento.
- b) No caso de incumprimentos graves, multa de 51 a 100 € por día que persista o incumprimento.
- c) No caso de incumprimentos moi graves, multa de 101 a 300 € por día que persista o incumprimento.

Estes importes experimentarán as mesmas variacións que o canon, co límite máximo que estableza a lexislación vixente.

3.- As multas coercitivas serán independentes e compatibles coas penalizacións previstas na cláusula precedente do presente Prego.

4.- En todos os casos, o Concello, con independencia da imposición da multa, poderá adoptar a costa do contratista as medidas necesarias para poñer fin á infracción, con dereito a repetir contra o mesmo.

5.- O disposto na presente Cláusula enténdese sen prexuízo do dereito do Concello a reclamar a indemnización de danos e prexuízos ou a resolución do Contrato, así como sen prexuízo das sancións administrativas que procedan no seu caso.

CLÁUSULA 45ª.- APLICACIÓN DAS PENALIDADES E MULTAS COERCITIVAS

1.- No suposto de incumprimentos previstos na TRLCSP, que poidan dar orixe á resolución do contrato de concesión, a tramitación do correspondente expediente axustarase ó disposto no artigo 225 do TRLCSP.

2.- Noutro caso, a imposición das penalidades será acordada polo órgano competente, tras a instrución do correspondente expediente contradictorio, previa audiencia do contratista, por un prazo de quince (15) días.

3.- Para a imposición de penalidades por incumprimentos leves, unicamente será preceptivo o trámite de audiencia ó contratista.



4.- En todos os casos, o Concello, con independencia da imposición da penalidade, poderá adoptar a custa do Concesionario as medidas necesarias para poñer fin á infracción, con dereito a repetir contra o mesmo.

5.- O disposto na presente Cláusula enténdese sen prexuízo do dereito do Concello a reclamar a indemnización de danos e perdas ou a resolución do Contrato, así como sen prexuízo das sancións administrativas que procedan no seu caso.

Sección 5ª.- MODIFICACIÓN, SUBCONTRATACIÓN E CESIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 46ª.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

1.- Unha vez adxudicado o contrato o órgano de contratación soamente poderá introducir modificacións no mesmo para satisfacer as necesidades recollidas na cláusula 4ª deste prego cando concorra algunha das seguintes causas:

- a) Autorizacións temporais de ocupación da vía pública concedidas polo Concello tales como reservas temporais para obras ou instalacións de estadas e colectores.
- b) Celebración de manifestacións, concentracións deportivas, culturais ou relixiosas, limpeza das vías, obras de pavimentación ou outras actividades de interese público que impliquen unha ocupación temporal da vía pública.
- c) Acordo municipal, adoptado polo órgano competente, de supresión de zonas de aparcadoiro para destinala a outros usos de interese xeral.
- d) As necesidades de mobilidade sostible existentes no momento.
- e) Peonalización de rúas.
- f) Calquera das previstas no artigo 107 TRLCSP.

2. As modificacións poderán consistir en:

- a) Incremento ou diminución do ámbito territorial do servizo de estacionamento regulado, por aumento ou diminución do número de prazas do mesmo.
- b) Incremento do ámbito temporal do servizo de estacionamento regulado, por aumento do número de horas de prestación do servizo.

3. As modificacións poderán ser:

- Temporais: as modificacións adoptadas por algunha das causas especificadas no apartado 1 letras a e b.
- Permanentes: as modificacións adoptadas por algunha das causas especificadas no apartado 1 letras c, d, e e f.

4. As reducións temporais das prazas da xer inferiores ó 10% nas zonas 4, 5 e 6 ou ó 15% nas zonas 2, 7 e 8 non darán lugar á compensación económica, nin permitirán ó adxudicatario reducir os medios técnicos e humanos, incluídos no contrato. No caso de que as reducións superen estas porcentaxes se indemnizará ó concesionario. Para o cálculo do importe da indemnización se multiplicará o número de prazas que excedan das citadas porcentaxes polo custe praza día recollido na oferta do concesionario e polo número de días de redución de prazas.





CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

5. As reducións permanentes inferiores ó 5% non darán lugar á compensación económica, nin permitirán ó adxudicatario reducir os medios técnicos e humanos, incluídos no contrato.

6.- As reducións permanentes superiores ó 5% e inferiores ó 10 % das prazas da xer serán compensadas con algunha das seguintes medidas:

- a) A ampliación dun número equivalente de prazas da xer noutras rúas da cidade.
- b) O incremento do horario de prestación do servizo, ata un máximo de 6 horas por día e praza.
- c) Un incremento dun número inferior de prazas da xer xunto cun incremento de horario de prestación do servizo.
- d) A redución do canon concesional. Neste caso, rebaixarase a porcentaxe de participación do Concello no remanente obtido tras detraer dos ingresos por tarifas de utilización do servizo ós gastos, na mesma proporción que se tiñan rebaixado as prazas, excluído ó 5% exento de compensación.

7.- As reducións permanentes superiores ó 10 % das prazas da xer serán compensadas unicamente coa ampliación dun número equivalente de prazas da xer noutras rúas da cidade.

8.- O incremento do número de prazas ou de horas de prestación do servizo superior ó 10% dará lugar a unha indemnización ó concesionario. Para o cálculo do importe da mesma se multiplicará o número de prazas que excedan da citada porcentaxe polo custe praza día recollido na oferta do concesionario e polo número de días que resten do período contractual.

9.- Así mesmo, o contrato poderá modificarse co obxectivo de dar cumprimento os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira recollidos nos artigos 3 e 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, cando concorra algunha das seguintes causas:

- Unha diminución dos ingresos recadados respecto ás previsións orzamentarias.
- Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria que afecte ás partidas coas que se financia o contrato para atender servizos públicos de carácter social, asistencial ou similar.
- Se trate de medidas derivadas dun plan de axuste.

Estas modificacións poderán consistir en:



- Redución das prestacións obxecto do contrato, ata o 50% do prezo do contrato.
- Ampliación do prazo de execución do contrato, ata o 50 % do prazo inicial do contrato.

No primeiro caso (redución das prestacións) o contratista terá dereito a unha indemnización igual á prevista no apartado 4.

10.- O procedemento de modificación se iniciará por escrito do responsable do contrato dirixido ó órgano de contratación, solicitando autorización para tramitar a modificación, no que se expoñerá e xustificará a concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no parágrafo primeiro. Concedida á autorización se realizarán as seguintes actuacións:

- Redacción da proposta de modificación.
- Audiencia do contratista, o no seu caso, do redactor do proxecto por prazo de cinco días.
- Aprobación do expediente polo órgano de contratación, así como do gasto se fose preciso por supoñer a modificación custe económico.
- Formalización da modificación.

11.- As modificacións que se realicen, illada ou conxuntamente, non poderán superar o 40% do prezo do contrato, agás no suposto previsto no apartado 9 desta cláusula.

12.- Se a modificación do contrato implicase un incremento de medios persoais e materiais, no novo plan económico financeiro deberá preverse a amortización dos mesmos durante o período contractual que reste.

CLÁUSULA 47ª.- SUBCONTRATACIÓN NA EXECUCIÓN DO SERVIZO PÚBLICO

1.- A subcontratación so pode recaer sobre as prestacións accesorias tales como:

- Recadación de fondos.
- Campañas informativas.
- Desenvolvemento e mantemento de sistemas.

2.- Rexerase polo disposto no Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (artigos 227 e 228).

3.- Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 227.2 do TRLCSP ou o límite máximo especial establecido para a subcontratación, imporase a penalidade regulada no apartado 3 do referido precepto, nos seguintes termos:

- Farase efectiva sobre a garantía, conforme ó artigo 212.8 do TRLCSP.
- Como regra xeral, a súa contía será un 5% do importe do subcontratado, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderá alcanzar ata un 10% ou ata o máximo legal do 50%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/11/2016 09:28	Páxina 46 de 59
Aprobado en Xunta de Goberno do 28/10/2016	Código de verificación: 2BEE4-2AAE-3BDB8-E4E32	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

CLÁUSULA 48ª.- CESIÓN

O adxudicatario poderá ceder a concesión a un terceiro, previa autorización do órgano de contratación sempre que este cumpra cos requisitos esixidos para ser adxudicatario da presente concesión e os establecidos no artigo 226 do TRLCSP.

TITULO IV. SECUESTRO E EXTINCIÓN DA CONCESIÓN

CLÁUSULA 49ª.- SECUESTRO DA CONCESIÓN

1.- O órgano de contratación, co fin de manter o servizo público, previa audiencia do concesionario, poderá acordar o secuestro total ou parcial da concesión nos casos en que o concesionario non poida facer fronte temporalmente á xestión por causas alleas ó mesmo. Así mesmo poderá acordar o secuestro cando se incorra en incumprimentos ou infraccións graves que poñan en perigo a correcta prestación do servizo público incluíndose neste aspecto a desobediencia a ordes de modificación.

2.- O acordo do órgano de contratación notificarase ó concesionario e se este, dentro do prazo que se houbese fixado, non corríxise a deficiencia, executarase o secuestro.

3.- En virtude do secuestro, a Administración Municipal encargárase directamente da xestión do servizo público e da percepción dos dereitos establecidos, utilizando para iso o mesmo persoal e material do concesionario, sen que se poidan alterar as condicións da súa prestación.

4.- O órgano de contratación designará un ou varios Interventores que substituirán plena ou parcialmente ó persoal directivo do concesionario.

5.- A xestión e a subseguinte explotación efectuarase por conta e risco do concesionario a quen se lle entregará, ó rematar o secuestro, o saldo activo que resultase logo de satisfeitos todos os gastos, incluídos os haberes dos Interventores.

6.- O secuestro terá carácter temporal e a súa duración será a que determine o órgano de contratación sen que poida exceder, incluídas as posibles prórrogas, de tres anos. Acordarase de oficio ou a petición do concesionario o cesamento do secuestro cando desaparezan as causas que o motivaron e o concesionario xustifique estar en condicións normais de proseguir a xestión do servizo público. Transcorrido o prazo fixado para o secuestro sen que o concesionario garanta a asunción completa das súas obrigas, o órgano de contratación resolverá o contrato.



CLÁUSULA 50ª.- CAUSAS DE EXTINCIÓN

A concesión extinguirase polas seguintes causas:

- a) Transcurso do prazo.
- b) Resolución do contrato.
- c) Caducidade da concesión.
- d) Por acordar o seu rescate o Concello por motivos de interese xeral ou esixencias do planeamento vixente.
- e) Allear ou gravar os bens o dereitos concesionais.
- f) Pola extinción da personalidade xurídica do adxudicatario, ou no seu caso, falecemento do concesionario individual, excepto, neste último suposto que opere a subrogación mortis causa, nos seus dereitos e obrigas concesionais, do cónxuxe ou descendentes, sempre e cando teñan plena capacidade para contratar con a administración pública consonte ó disposto no artigo 54 TRLCSP, e o acrediten no prazo máximo de 10 días naturais dende a data do seu falecemento.
- g) Perda da súa capacidade para contratar, ou incorrer en causa de prohibición.
- h) Pola comisión de calquera falta moi grave, cando así se resolva polo órgano competente.
- i) Nos demais casos previstos legalmente.

CLÁUSULA 51ª.- RESOLUCIÓN

1.- A resolución do contrato rexerase polo establecido con carácter xeral nos artigos 223 a 225 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e especificamente para o contrato de xestión de servizo público nos artigos 286 a 288 de devandita Lei.

2.- Serán causas de resolución, ademais das enumeradas nos citados artigos as seguintes:

- a) Incumprimento reiterado da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 61 do 29 de marzo de 2011.
- b) Incumprimento reiterado das Prescricións Técnicas Particulares.
- c) Obstrución reiterada ás facultades de dirección e inspección do Concello.

CLÁUSULA 52ª.- CADUCIDADE DA CONCESIÓN

1.- De conformidade co sinalado no artigo 223 e 286 do TRLCSP procederá a declaración de caducidade da concesión nos casos previstos no artigo 136 do Regulamento de servizos das Corporacións Locais e nos supostos que se citarán a continuación, que se





CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

consideran a estes efectos infraccións moi graves das obrigas esenciais do concesionario:

a) Falta de pago do canon durante dúas anualidades consecutivas.

2.- A declaración de caducidade acordarase polo órgano de contratación e determinará o cese da xestión do concesionario e a incautación dos elementos do adxudicatario afectos ó servizo.

3.- Ós efectos anteriores seguirase o procedemento indicado no artigo 137 do Regulamento de servizos das Corporacións Locais.

CLÁUSULA 53ª.- RESCATE DA CONCESIÓN

1.- O Concello de Vigo poderá extinguir a concesión de dominio público antes do vencemento do prazo estipulado, de xeito unilateral, por razón do interese público e mediante a correspondente indemnización.

2.- Serán efectos do rescate:

- a) A transferencia das elementos necesarios para a prestación do servizo ó Concello.
- b) O deber de indemnizar ó concesionario no valor das inversións realizadas que houberen de reverter ó Concello, tendo en conta o seu grado de amortización e os danos e perdas no seu caso irrogados, incluídos os beneficios futuros que deixe de percibir.

3.- Procedemento:

- O interese público en que se basee o rescate da concesión terá que estar xustificado técnica e xuridicamente con anterioridade ó acordo no que a Xunta de Goberno Local ordene o inicio do expediente.
- Dos informes técnicos e xurídicos emitidos darase traslado ó concesionario para que formule as alegacións que coide convenientes en defensa dos seus dereitos, nun prazo de quince días.
- O rescate da concesión deberá ser aprobado por acordo plenario que fixará un prazo de executividade non inferior a seis meses e instará ó contratista a que formule unha valoración da indemnización que coide que lle corresponda percibir.
- No mesmo acordo nomearase un Interventor para que as obras e as instalacións afectadas pasen ó Concello nas condicións sinaladas neste prego ou no acordo



plenario.

- Se o Concello aceptase a valoración, rematarase o expediente polo que respecta á indemnización. En caso de desacordo, o trámite de determinación do prezo xusto seguirase en peza separada, consonte co procedemento de expropiación forzosa, non afectando á executividade do acordo de rescate.

CLÁUSULA 54ª.- ACTUACIÓNS PREVIAS Á EXTINCIÓN DA CONCESIÓN POLO TRANCURSO DO PRAZO

- 1.- Co obxecto de garantir que no momento da reversión á Administración municipal dos bens afectos á concesión estes estean en bo estado de conservación e uso para a súa explotación, o responsable do contrato, 12 meses antes da finalización do prazo contractual procederá a realizar unha avaliación do estado dos mesmos.
- 2.- O responsable do contrato deberá comunicar ó resultado da citada avaliación ó órgano de contratación e formularlle unha proposta de actuacións necesarias para mantelos nas condicións previstas.
- 3.- Unha vez adoptado o acordo polo órgano de contratación se lle comunicará ó concesionario, concedéndolle un prazo para a realización das citadas actuacións.
- 4.- En caso de desobediencia do concesionario ás resolucións do órgano de contratación sobre conservación das obras e instalacións ou de mala fe na execución das mesmas, este poderá dispoñer ou ben o secuestro da concesión ou proceder a executar ás obras con cargo á garantía definitiva se este fose suficiente para cubrir o seu importe.

CLÁUSULA 55ª.- EFECTOS DA EXTINCIÓN. REVERSIÓN DAS OBRAS E INSTALACIÓNS

- 1.- Producida a extinción da concesión por calquera das causas recollidas no presente prego ou na lexislación vixente, o titular cesará na ocupación sen necesidade de requirimento municipal e sen dereito a compensación ou indemnización por tal circunstancia. O dominio público ocupado debera restituírse en perfecto estado ó Concello en condicións óptimas para o seu uso. As obras e instalacións realizadas polo concesionario, así como os parquímetros, sistemas de información e demais elementos utilizados para a prestación do servizo polo mesmo, reverterán gratuitamente ó Concello, nos termos regulados na lexislación aplicable.
- 2.- Da recepción polo Concello dos bens revertidos, levantarase a correspondente acta en presenza do concesionario, se comparecese este a dito acto. Na acta reseñarase o estado de conservación dos bens revertidos, especificándose, de selo caso, as deficiencias ou deterioro que presenten, servindo a acta de base para instruír o correspondente expediente, no que se concretará o importe das reparacións necesarias, cuxo abono esixirá ó concesionario, utilizando, se fose necesario, o procedemento de prema administrativo.
- 3.- Estabelécese como prazo máximo para o desaloxo e entrega dos bens, o de quince días hábiles a contar dende a data de vencemento da concesión. Se transcorrido dito





CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

prazo, o concesionario non procedera ó desaloxo e entrega dos bens, aboará ó Concello de Vigo, en concepto de indemnización, a cantidade de 300 euros por cada día de demora no que incorra, e ata o total cumprimento da súa obriga. O Concello, sen prexuízo de dita indemnización, poderá exercitar as accións e facultades que o ordenamento xurídico lle recoñece na defensa e protección do seu patrimonio.

4.-Cando o contrato se resolva por causa imputable ó contratista, o Concello procederá de forma inmediata a incautar a fianza constituída e determinará, a continuación, o importe dos danos e perdas causados que deberán ser soportados polo contratista.

5.-Cando a resolución teña lugar por mutuo acordo das partes, estarase ó resultado do mesmo.

6.-No non contemplado neste artigo, en supostos de resolución, estarase ó disposto no artigo 288 do TRLCSP.

TITULO V. JURISDICCIÓN COMPETENTE E RÉXIME DE RECURSOS

CLÁUSULA 56ª.- JURISDICCIÓN COMPETENTE

As cuestións que poidan xurdir durante o desenvolvemento do contrato relativas á preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos serán resoltas polo órgano de contratación (artigos 210 e 211 TRLCSP). Os acordos adoptados para a súa resolución poderán ser impugnados ante a Xurisdición contencioso-administrativa conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da mesma.

O recurso contencioso-administrativo será interposto no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación. Someténdose, tanto os licitadores como posteriormente os adxudicatarios, ós Xulgados desta Orde que exerzan a súa xurisdición na cidade de Vigo, con renuncia expresa a calquera outro foro ou privilexio que lles corresponda.

No entanto, os interesados poderán interpor, con carácter previo, recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes computado a partir do día seguinte á súa notificación ou publicación, ou de tres meses se a resolución é presunta, a contar neste último caso desde o día seguinte a aquel en que se produza o citado acto presunto. Neste caso, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo en tanto non recaia resolución, expresa ou presunta, do mesmo, ó amparo do previsto nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento



administrativo común.

CLÁUSULA 57ª.- RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

1.- Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación os seguintes actos:

- Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a licitación.
- Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos.
- Os acordos de adxudicación, salvo que se siga o trámite de emerxencia previsto no artigo 113 TRLCSP.

2.- A tramitación deste recurso axustarase ó disposto nos artigos 40 a 49 do TRLCSP.

3.- Contra a resolución do citado recurso só caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo.





CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona, con D.N.I. con enderezo en

No caso de ser persoa xurídica:

En representación da empresa constituída (referencia escritura).

Acreditando a súa representación a través do poder (referencia escritura)

DECLARA baixo xuramento que os datos aportados nesta declaración son exactos:

1. Que coñece os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que serven de base ó contrato de e que os acepta incondicionalmente.
2. Que a empresa á que represento, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar para contratar co sector público, esixidos nos artigos 54 e 72 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
3. Que a empresa á que represento, non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 60 do TRLCSP.
4. Que a mercantil ten un obxecto social ou ámbito de actividade no que está comprendido inequivocamente o obxecto do presente contrato, sendo o mesmo (reproducir o obxecto social) segundo consta nos estatutos da empresa de data, inscritos no Rexistro Mercantil.
5. Que a mercantil atópase ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado, Comunidade autónoma e Concello de Vigo e fronte á Tesourería da Seguridade Social que impoñen as disposicións vixentes.
6. Que a mercantil atópase ó corrente no pago de salarios e Seguridade Social dos traballadores da súa plantilla.
7. Que a mercantil ten declarado unha cifra de negocios nas contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil, de € no ano 2014, de € no ano 2013 e de € no ano 2012.
8. Que a mercantil xestionou nos últimos cinco anos servizos de estacionamento regulados no/s Concello/s de:
 - (número) de prazas reguladas de estacionamento no ano 2014.
 - (número) de prazas reguladas de estacionamento no ano 2013.
 - (número) de prazas reguladas de estacionamento no ano 2012.
 - (número) de prazas reguladas de estacionamento no ano 2011.



- (número) de prazas reguladas de estacionamento no ano 2010.

9. No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación, así como o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional se acrediten mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou mediante un certificado comunitario de clasificación, o licitador manifesta que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.
10. Que a mercantil (si/non) pertence a un grupo de empresas. En caso afirmativo, se relacionarán as outras empresas do grupo que participan na presente licitación.
11. Que a mercantil acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente. A estes efectos, sinala como dirección de correo electrónico a seguinte
12. Que concorre a presente licitación en UTE coas seguintes mercantís:, e de resultar adxudicatarias participarán no capital da UTE que se constitúa cada unha delas nos seguintes porcentaxes , nomeando como representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato derívense ata a extinción do mesmo a
13. No suposto de que o licitador sexa estranxeiro se compromete a someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder.

Lugar, data, selo e sinatura



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/11/2016 09:28	Páxina 54 de 59
Aprobado en Xunta de Goberno do 28/10/2016	Código de verificación: 2BEE4-2AAE-3BDB8-E4E32	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

ANEXO II
MODELO DE PROPOSICIÓN ECONOMICA

D, con D.N.I. nº, en nome propio (ou en representación de), informado da licitación para a contratación por procedemento aberto do contrato de xestión de servizo público mediante concesión do estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (expediente 90514-210) manifesta que:

- 1.- Acepta integramente os pregos de prescricións técnicas e condicións administrativas, o proxecto de explotación, e o regulamento de servizos que rexen a presente contratación.
- 2.- Propón un (número)% de redución do presuposto de gastos do servizo previsto no estudo económico financeiro do contrato.
- 3.- Propón como porcentaxe de retribución do concesionario sobre a fixada na cláusula 6 un (número) %.
- 4.- Propón un (número)% de redución dos importes de custe praza/día previstos no económico financeiro do contrato.
- 5.- Comprometese a adscribir á execución do contrato os seguintes vehículos sostibiles:
 - Turismos e vehículos destinados ao transporte de persoas (número).
 - Vehículos destinados al transporte de mercancías (< 3.500 kg) (número).
 - Motocicletas (número).

No sobre C deberá incluírse a ficha técnica dos vehículos que se oferten.

Se todos os vehículos a utilizar son menos contaminantes deberá declarar expresamente esta circunstancia.

Deberá incluírse unha relación dos vehículos a utilizar para a prestación do servizo que inclúa as súas características técnicas.

Lugar, data e sinatura do licitador



Asinado dixitalmente pola xefa do servizo de contratación, Beatriz Barbará Rodríguez, na data que figura na firma electrónica



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 10/11/2016 09:28	Páxina 56 de 59
Aprobado en Xunta de Goberno do 28/10/2016	Código de verificación: 2BEE4-2AACE-3BDB8-E4E32	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210

ANEXO III

PERSOAL QUE PRESTA ACTUALMENTE O SERVIZO

CATEGORÍA	TIPO DE CONTRATO	ANTIGÜEDAD	% JORNADA LABORAL	SALARIO ANUAL
TECNICO INFORMATICO	Indefinido	20/08/2007	100	25.708,67 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	10/06/1991	100	25.057,89 €
OFICIAL 2º ADMIN.	Indefinido	02/01/1992	75	21.668,58 €
OPERADOR EMISORA	Indefinido	02/01/1992	100	25.663,65 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	10/06/1991	100	25.016,01 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	10/06/1991	66	17.350,53 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	10/06/1991	100	25.126,29 €
1ª MANTENIMIENTO	Indefinido	03/05/1990	100	31.561,39 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	14/09/1990	100	25.016,01 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	04/06/1991	100	25.126,29 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	10/06/1991	100	25.016,01 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	10/06/1991	100	26.196,26 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	14/09/1990	100	25.236,57 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	11/09/2003	100	22.001,07 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	14/05/1990	100	25.016,01 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	01/09/1990	100	25.016,01 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	02/01/1992	100	25.016,01 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	14/09/1990	100	25.016,01 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	02/01/1992	100	26.191,65 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	14/09/1990	100	25.236,57 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	14/09/1990	100	25.016,01 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	04/06/1991	100	26.318,05 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	10/06/1991	100	25.016,01 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	01/08/1991	100	25.016,01 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	10/06/1991	100	25.016,01 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	10/06/1991	100	25.016,01 €
1ª MANTENIMIENTO	Indefinido	07/09/1990	100	31.498,57 €



CONTROLADOR/A	Indefinido	10/04/1991	100	25.126,29 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	18/01/2005	76	17.773,55 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	02/01/1992	100	25.016,01 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	28/05/1990	100	25.126,29 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	14/05/1990	100	25.016,01 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	02/01/1992	100	25.016,01 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	14/05/1990	100	25.236,57 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	14/09/1990	100	25.126,29 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	02/01/2008	100	21.949,63 €
INSPECTOR/A	Indefinido	14/01/2008	100	21.548,02 €
INSPECTOR/A	Indefinido	21/04/2008	100	21.603,86 €
CONTROLADOR/A	Indefinido	07/04/2008	100	21.712,16 €
JEFE DE CENTRO	Indefinido	01.11.2007	100	36.576,71 €

A táboa facilitada pola empresa que actualmente presta o servizo corresponde á retribución anual do ano 2014





CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

Expediente 90514-210



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 10/11/2016 09:28

Páxina 59 de 59

Aprobado en Xunta de Goberno do 28/10/2016

Código de verificación: 2BEE4-2AACE-3BDB8-E4E32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>